

ESPECIAL SEMANA SANTA



elCorreoGallego

28 de marzo de 2026

Semana Santa

Fe, tradición e memoria colectiva en Viveiro

Redacción

A Semana Santa de Viveiro é unha das grandes celebracións relixiosas e culturais de Galicia. Nunha cidade de pouco máis de 15.000 habitantes, este agardado evento, declarado Festa de Interese Turístico Internacional, mobiliza cada ano milleiros de persoas e transforma durante varios días as rúas do casco histórico nun escenario de fe, tradición e beleza. Destacan as súas imponentes procesións, froito do arduo traballo das confrarías, e as diferentes exposicións que impulsan para a ocasión.

O calendario arrinca coa Procesión da Virxe das Dores, o Venres de Dores, e continúa o Sábado de Paixón co pregón no Teatro Pastor Díaz, que actúa como pórtico emocional de toda a semana. O Domingo de Ramos enche as rúas de simbolismo popular coa bendición dos ramos e as procesións da Borriquita e do Ecce Homo «dos franceses», unha xornada luminosa que abre oficialmente a celebración por todo o alto.

A partir de aí, a intensidade non deixa de medrar. O Luns Santo resoa coa tamborrada das bandas da Semana Santa, mentres que o Martes e o Mércores Santo quedan marcados polos viacrucis das Mulleres e dos Homes, dúas citas de forte carga espiritual. Porén, é o Xoves Santo cando Viveiro entra de cheo nas súas horas máis solemnes, coa celebración da Cea do Señor, o lavatorio dos pés e as procesións da Última Cea, o Prendemento e a Penitencial da Redención. Nelas percíbese xa a fusión entre relixiosidade, disciplina procesional e patrimonio artístico que distingue esta Semana Santa.

O Venres Santo concentra algúns dos momentos máis esperados e conmovedores. O Encontro, o Sermón das Sete Palabras, a Acción Litúrxica da Morte do Señor e o Desencravo conforman unha secuencia de enorme dramatismo que desemboca nas procesións do Santo Enterro, da Paixón e dos Caladiños. Especialmente multitudinaria resulta a procesión da Paixón, na noite do Venres Santo, con máis de 1.200 participantes entre portadores, irmáns de fila, músicos e presidencias. É, sen dúbida, unha das estampas máis impresionantes de toda a Semana Santa viveirense.

A emoción non remata aí. O Sábado Santo, a Vixilia Pascual e a Procesión da Esperanza da Resurrección anuncian o cambio de ton, o paso do dó á esperanza. E o Domingo de Resurrección culmina a celebración coas procesións do Encontro da Resurrección e do Vía Lucis, onde a alegría

pascual substitúe o recollemento dos días anteriores.

Ademais das procesións e dos cultos, Viveiro converte toda a cidade nun grande espazo cultural e expositivo. Durante a Semana Maior, a explanada da ábsida de San Francisco acolle a Antesala dun Museo, onde poden contemplarse imaxes da Paixón, da Esperanza da Resurrección e do Vía Lucis, xunto con fotografías, estandar-

tes, traxes e pezas de ourivaría. A isto súmanse as exposicións ao aire libre, como *Imaxes de Imaxes*, con grandes fotografías lucindo nas fachadas do casco histórico, ou *Os nosos rostros*, dedicada ás bandas de tambores e ás cuadrillas de portadores. Completan a variada programación o Concurso de Carteis e o programa cultural Adral, con conferencias, concertos, cinema e exposicións. ■




Procesión da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén en Viveiro no 2023.



NO HAY NADA MÁS GRANDE

SEMANA SANTA DE FERROL



Semana Santa

Redacción

Hai lugares nos que a Semana Santa se vive fundamentalmente nas igrexas. E hai outros, coma Boiro, nos que a celebración se espalla polas rúas e convive cunha contorna que convida a quedar. Este concello do Barbanza non ofrece só procesións e actos litúxicos, senón tamén unha invitación a descubrir un destino que combina espiritualidade, mar, patrimonio e natureza. Presume dunha riqueza admirable que reside nas súas praias apracibles, na paisaxe costeira e na súa identidade ligada ao mar.

A programación relixiosa comezou co tríduo e a procesión da Virxe das Dores o pasado venres. Xa en adiante, o Domingo de Ramos agarda volver reunir a veciñanza arredor do cruceiro de Bao. Despois chegarán as saídas da Nosa Señora da Piedade, o próximo mércores, e das imaxes do Ecce Homo e da Virxe da Amargura, no Xoves Santo.

En paralelo aos actos relixiosos, Boiro preséntase como un dos enclaves máis interesantes do Barbanza para vivir unhas vacacións de Semana Santa de relaxación e tranquilidade. O paseo marítimo da praia de Barraña constitúe un dos espazos máis fermosos do municipio para dar un paseo en

Boiro, a perla do Barbanza que brilla na Semana Santa

A vila acolle unha morea de espazos naturais para gozar dunhas espléndidas vacacións

familia, sentindo a brisa costeira e, se o tempo o permite, mesmo atrevéndose cun baño nas súas calmas augas.

Moi preto aparece outro dos grandes valores naturais de Boiro: o espazo natural do esteiro do río Coroño, onde o principal río do municipio se funde co mar, formando unha pequena ría rodeada de vexetación.

Para quen prefira afastarse un pouco da liña de costa, a vila garda outro recuncho moi recomendable: a ferverza de Cadarnoxo. Un salto de auga de máis de 30 metros de altura que paga a pena ver de preto. Ese contraste entre praias, esteiros, sendeiros e ferverzas é, precisamente, un dos grandes atractivos do concello.

Por outra banda, na súa contorna

atopamos unha das rutas de sendeirismo máis potentes da comarca, a do Castelo de Vitres. Cunha distancia aproximada de 17 quilómetros de ascenso, este percorrido está homologado e está considerado de dificultade moderada. O máis interesante deste plan ten que ver co seu enorme valor paisaxístico, pois os camiñantes poderán contemplar fermosos espazos naturais, como a ferverza de Runs e a inmensidade da Serra do Barbanza, un escenario poboado por cabalos salvaxes e vacas que chaman a atención dos exploradores. O punto imperdible chega ao final, no alto do Castelo de Vitres, do que só quedan unhas pequenas marcas e no que o protagonismo é acaparado polas vistas á ría de Arousa. ■



CEDIDA

Presentación da programación da Semana Santa en Boiro.



CEDIDA

O concello de Boiro ofrece fermosas paisaxes para o gozo dos visitantes.

Boiro, natureza que se sente

boiroturismo.gal



CONCELLO DE BOIRO

• CAMARIÑAS, ONDE O FÍO SE CONVERTE EN ARTE •

MOSTRA^{XXXV} do ENCAIXE

DEPUTACIÓN DA CORUÑA



WWW.MOSTRA.ES

• DO 1 AO 5 DE ABRIL •

• CAMARIÑAS, SEMANA SANTA 2026 •



//ABANCA

Semana Santa

Iago Rodríguez

Cando chega a Semana Santa a Ferrol, a cidade transfórmase para vivir con ilusión e devoción un dos seus períodos máis importantes do ano. «É a nosa semana grande por excelencia, a época do ano que máis agardan todos os ferroláns. Todos os residentes da comarca e mesmo de fóra de Ferrol visitan a cidade nestes sete días para gozar das procesións e das diferentes actividades de lecer que se programan», explica a concelleira de Turismo, Maica García, sobre esta prezada festa declarada de Interese Turístico Internacional.

A Semana Santa supón unha importante inxección económica para a localidade, o que, mesturado co compromiso impagable das cinco confrarías da cidade, dá como resultado unha organización medida ao detalle para ofrecer uns espectaculares actos litúrxicos que se superan cada ano.

Na primeira xornada, o Domingo de Ramos, destaca a procesión da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén, un desfile que «enche por completo a Praza de Amboage na estrea das festas». O Luns Santo ten como momento máis significativo a procesión do Cristo Rei e a Virxe da Amargura, un percorrido que a edil describe como «moi so-

«É a época do ano que máis agardan todos os ferroláns»

A cidade naval prepárase para acoller milleiros de visitantes na súa Semana Santa, declarada Festa de Interese de Turístico Internacional



Veciños e visitantes ateigan as rúas de Ferrol para presenciar as procesións de Semana Santa.

lemne e fermoso». O Martes Santo conta con outro dos desfiles máis emocionantes, o de Xesús da Columna e da Santísima Virxe. Esta distínguese

por ser a procesión das mulleres e das nenas e significa «un dos momentos máis bonitos da Semana Santa, sen dúbida», constata García.

En canto ao Mércores Santo, o praforte do día é a procesión do Cristo dos Navegantes, pois conta coa compañía de toda a Armada e pasa polo Ar-

senal Militar da cidade: «É unha das xoias que ninguén pode perder».

Dentro dos numerosos actos do Xoves Santo, a concelleira de Turismo fai fincapé na procesión do Santísimo Cristo da Misericordia e María Santísima da Piedade: «Conta con moitos tronos e o acompañamento de varias bandas, polo que ese factor musical único fai que sexa especial».

No que atinxe ao Venres Santo, a procesión do Santo Encontro é, segundo Maica García, un acto que todo visitante debe presenciar. «Enche a Praza de Armas e é un dos momentos máis emotivos da Semana Santa, ninguén debería perdela», apunta. Asemade, considera «ineludibles» o acto do Desencravo e as procesións do Santo Enterro e dos Caladiños. Xa inmersos na fin de semana, o máis remarcable do Sábado Santo é a procesión da Caridade e o Silencio, mentres que o Domingo de Resurrección representarase a volta á vida de Xesucristo. «Este é un día de vitoria que remata con todos os confrades sacando o capuz», explica a edil.

Desde a Concellería de Turismo poñen a disposición do público un folleto con todas as actividades paralelas á Semana Santa para que os turistas descubran a historia da cidade naval e a súa riqueza patrimonial e gastronómica. ■



CONGALSA

Un presente sólido,
un **futuro** con propósito



¡Visita nuestra web!

Síguenos en: [congalsa-s.l.](https://www.linkedin.com/company/congalsa-s.l.)

Descubre más en www.congalsa.com

ELIXE NOIA

Semana Santa

Andainas

Teatro

Animación infantil

Saídas no Balandro

Joaquín Vieta

Museos

Ciclismo por escenarios
audiovisuais

Visita guiada polo
casco histórico

Inscripcións: enviar nome completo,
DNI e teléfono a
turimoconcellodenoia@gmail.com



CONCELLO
DE NOIA

DINAMIZANOIA



Semana Santa

«Á Semana Santa de Rianxo vén xente de todo Barbanza»

A Irmandade da Paixón de Cristo celebra 15 anos impulsando e enriquecendo os actos

Iago Rodríguez

A Irmandade da Paixón de Cristo reúne a un grupo de veciños que se encargan cada ano de organizar unha das citas máis agardadas no concello de Rianxo: a Semana Santa. Neste 2026 o colectivo celebra 15 anos de actividade, polo que os seus case 300 membros vivirán os actos relixiosos dunha forma especial. «A xente da vila está moi implicada, saen moitísimas persoas ás rúas para ver as procesións. Non sorprende, porque Rianxo é un pobo de tradicións. Isto hai que vivilo», destaca a presidenta desta asociación sen ánimo de lucro, Loli Yáñez.

Yáñez explica que, antes da formación da irmandade, a Semana Santa non se celebraba na vila con tanta intensidade: «Non había implicación veciñal nin interese en revitalizar a Semana Santa». Non obstante, dende que o colectivo se puxo ao fronte dos actos, apostou por cambiar o rumbo: «Fomos incorporando novidades co paso do tempo. Antes, o Venres de Dolores só se facía misa, agora tamén facemos procesión. Ademais, engadimos o Vía Crucis o mércores e, desde hai dous anos, sacamos a procesión do Domingo de Resurrección, que no 2025 tamén contou coa imaxe da Virxe da Esperanza». A estas súmanse as procesións do Xoves e do Venres Santo,

así como a do Domingo de Ramos.

Quen experimenta esta tradición relixiosa acompañando os rianxeiros non a esquece. «Cando nos visita algún sacerdote que non é de aquí queda sorprendido polo respecto e a emoción que comparten os veciños, así como polo silencio que se mantén durante as procesións», indica Loli. De feito, di, a Semana Santa rianxeira é cita obrigada para moitas familias da comarca: «Lembro que a miña avoa dicíame que á Semana Santa de Rianxo vén xente de todo o Barbanza porque é única na zona».

Garantir o maior grao de calidade posible nos actos require un enorme esforzo por parte dos integrantes da Irmandade da Paixón de Cristo. «Estamos practicamente todo o ano traballando, uns meses máis e outros menos. Comezamos a inicios de outubro, cando rematamos cos actos da Virxe da Guadalupe e da Virxe das Dolores. Nesa etapa decidimos quen se encarga de cada cousa e quen non. E, tras as festas do Nadal, comezamos cos ensaios de tambores. Xa en febreiro e marzo pasamos moito tempo na igrexa para limpar o seu

interior, as imaxes e preparalas coas vestimentas», detalla Loli sobre os preparativos previos. Con todo, asegura que tanto para ela como para os integrantes da irmandade «todo o proceso paga a pena para gozar dunha boa Semana Santa».

Por outra banda, a rianxeira destaca o interese da mocidade por manter viva esta tradición tan asentada na vila mariñeira. «Levo moitos anos acudindo ás procesións e vexo que os mozos e mozas tamén están aí, non só a xente maior, aínda que pode ser que cada vez sexan menos».



Integrantes da Irmandade da Paixón de Cristo, de Rianxo.



Semana Rianxo 2026 Santa

Irmandade da Paixón de Cristo

Rianxo

Hermandade da Paixón de Cristo
paixoncristorianxo@gmail.com

PROGRAMA

29 de marzo. Domingo de Ramos
11:00 h.: Procesión de Ramos dende a Igrexa Parroquial ata a Capela de Nosa Señora de Guadalupe. Bendición dos ramos, e volta á Igrexa para celebrar a Santa Misa.

1 de abril. Mércores Santo
20:00 h.: Acto de ánimas e confesións.
21:00 h.: Vía Crucis penitencial polas rúas de Rianxo.

2 de abril. Xoves Santo
19:00 h.: Santa Misa da Cea do Señor.
21:00 h.: Procesión. Ao rematar a procesión Hora Santa.

3 de abril. Venres Santo
10:00 h.: Anuncio do Santo Encontro polas rúas de Rianxo, a cargo da Banda de tambores da Irmandade da Paixón de Cristo.

11:00 h.: Santo Encontro na praza Castelao.
19:00 h.: Santos Oficios. Adoración da Cruz.
20:00 h.: Desencravo na Praza Rafael Dieste.
22:00 h.: Procesión do Santo Enterro.

4 de abril. Sábado Santo
21:00 h.: Vixilia Pascual. Ao rematar, como todos os anos o Cristo da Misericordia volverá á Capela.

5 de abril. Domingo de Resurrección
11:30 h.: Encontro no adro da Igrexa do Santo Cristo Resucitado ca súa Nai, seguido da procesión polo casco vello, e ao rematar celebrárase a Misa de Resurrección.

En caso de choiva, os actos serán dentro da igrexa

Colabora:

 **Rianxo**
Concello

FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

SEMANA SANTA FERROL

DO 29 DE MARZO AO 5 DE ABRIL

FERROL

MÁIS INFO:





Semana Santa

Brión promove a actividade física coa súa gran andaina

A proba terá lugar o 23 de maio e os camiñantes poderán completar tres percorridos segundo a distancia: de 16, 33 ou 50 quilómetros

Redacción

O Concello de Brión xa ten a vista posta no sábado 23 de maio, unha data especial para o municipio, que acollerá a celebración da XI Andaina Terras de Altamira. Esta actividade xa tradicional no concello consolidado como un dos máximos expoñentes na comarca de Santiago no que ten que ver co sendeirismo, o exercicio físico e o estilo de vida saludable.

A proba está dividida en tres percorridos diferentes en canto á distancia e dificultade, podendo escoller entre o de 16, 33 ou 50 quilómetros. Todos os tramos saíran do mesmo punto, a Carballeira de Santa Minia, e á mesma hora, as 9.00 da mañá. Esta é unha actividade oficial da Federación Galega de Montañismo, integrada na Liga Galega de Andainas e na Liga Ibérica de Sendeirismo.

O obxectivo da andaina non é pro-



O Concello espera congregar máis dun milleiro de persoas na andaina deste ano.

mover a competitividade entre participantes, senón fomentar a realización de exercicio físico de maneira non elitista xerando un día de festa e convivencia co deporte como escusa. A Andaina Terras de Altamira chega a esta undécima edición avalada por unha traxectoria que a sitúa como a proba máis multitudinaria da Liga de Andai-

nas. No ano pasado superouse a cifra simbólica das 1.000 persoas participantes, un récord para a proba e unha mostra da dimensión que foi gañando ano tras ano. As inscricións estarán ata o 20 de maio a través da páxina web oficial da proba e este ano esperan, sinalan desde o Concello, «superar de novo o milleiro de persoas». ■

Melide encherá as rúas para acompañar as procesións

As confrarías do Santo Enterro e da Soidade prepáranse para as tres saídas que levarán a cabo no Venres Santo na compañía dos fieis

Redacción

A Semana Santa vívese con emoción en Melide, concello no corazón de Galicia no que cada semana pararan centos de peregrinos que percorren o Camiño Francés e o Primitivo e que aproveitan a visita para admirar a beleza patrimonial da vila e gozar da súa gastronomía. Nestas datas o protagonismo no municipio é para as confrarías do Santo Enterro e da Soidade, que traballan todo o ano para preparar as tres agardadas procesións da Semana Santa melidá.

A saída máis destacada será a da procesión do Perdón, na que centos de fieis percorreren desde as 9.00 da mañá do Venres Santo as principais rúas da vila acompañando a imaxe de Xesucristo coa cruz a costas.

Na mesma xornada pola tarde, chega a quenda da procesión do Santo Enterro, caracterizada pola



Confrades suxeitando a Virxe da Soidade nunha edición anterior da Semana Santa.

vestimenta púrpura dos confrades e a imaxe de Xesucristo dentro dun féretro. A última saída, e a máis emotiva de todas, é a da Virxe da Soidade. Un percorrido que parte ás 21.00 horas desde a Igrexa de San Pedro de Melide, que é un dos máis relevantes monumentos históricos dos melidaos, e que discorre polos

principais recunchos da vila. O acto remata coa representación do Santo Encontro na praza do Convento, momento no que os confrades ataviados con túnicas púrpuras e capuchóns brancos portan imaxes de Xesucristo e da Virxe para rememorar o seu encontro en pleno casco histórico do concello. ■



¡Vívela!

*Semana Santa
Porto do Son*

Del 27 de Marzo al 5 de Abril de 2026

 Concello Porto do Son

 Cofradía de la Pasión
de Nuestro Señor

 infinitamente
natural

 Deputación
DA CORUÑA

Semana Santa

Rutas e artesanía en vivo para descubrir Vimianzo

No Castelo poderase ver como se traballa o coiro, a prata, o vidro de Murano ou o encaixe ● Haberá visitas teatralizadas e saídas guiadas

Redacción

Vimianzo prepárase para unha Semana Santa na que a historia semella latexar entre pedras vellas e mans que crean. O Concello vén de presentar unha programación especial que se desenvolverá desde hoxe ata o 5 de abril, pensada para todos os públicos e coa mirada posta na valorización dun patrimonio único na comunidade.

O corazón desta celebración estará no Castelo de Vimianzo, que lle abrirá as súas portas á artesanía en vivo en xornadas que se desenvolverán en horario de mañá e de tarde. Alí, os visitantes poderán deterse no tempo e observar como nacen pezas únicas a partir da palla, da prata, do vidro de Murano ou do barro, ademais de descubrir o minucioso traballo do coiro, das maquetas ou do encaixe.

Este venres, ao mediodía, a expo-



As xornadas de artesanía en vivo desenvolveranse no interior do Castelo de Vimianzo.

sición *Unha xoia, unha flor*, de Esther Ferreiro, amosará a beleza da prata e do vidro de Murano, reforzando a aposta pola difusión dos oficios tradicionais e contemporáneos.

A programación complétase con visitas teatralizadas da man dos Quinquilláns e percorridos guiados polo Castelo, que permitirán ao visitante

mergullarse na súa historia. Fóra das murallas, o territorio ábrese en rutas cara aos batáns do Mosquetín, aos dolmens de Pedra Cuberta e da Casa dos Mouros, ao Castro das Barreiras ou ao Porto de Cereixo. Estas visitas guiadas son gratuítas, pero para participar nelas será necesaria a inscrición previa a través da web. ■

Trazo, un tesouro máis alá de Santiago

Redacción

Tal vez Trazo non encabece as listas dos destinos máis evidentes para a Semana Santa, pero precisamente niso reside boa parte do seu atractivo. Situado a escasos minutos de Santiago, este concello ofrece unha Galicia serena, verde e pouco afectada pola masificación, ideal para quen busca nestas datas descanso, aire libre e unha experiencia máis pegada ao territorio. O seu gran emblema natural é a praia fluvial de Chaián, á beira do Tambre: unha área recreativa ampla, con abundante sombra, pequenas illas unidas por pontes de madeira e un paseo que invita ao lecer e a percorrer paseniamente as súas beiras.

Mais Trazo non é só natureza amable. O concello constitúe tamén unha proposta moi axeitada para o sendeirismo, grazas aos camiños que seguen o curso do Tambre e aos itinerarios que conectan Chaián



Contorna da praia fluvial de Chaián.

con outras parroquias e cos elementos patrimoniais do municipio.

Asemade, alberga un valioso patrimonio histórico digno de contemplar, con igrexas de orixe medieval como San Xoán de Campo ou San Pedro de Benza, cruceiros tradicionais, pazos como o de Vilacova e o templo románico de Santa María. Excursións, relaxación e coñecemento para desfrutar de Trazo tamén na Semana Santa. ■



Vimianzo Semana Santa 26

CASTELO DE VIMIANZO

DO 28 DE MARZO AO 5 DE ABRIL DE 10:30 A 14H E DE 16 A 20:30H

artesanía en vivo

Artesás traballando a palla de trigo e centeo, a prata e vidro de murano, maquetista de barcos, oleiros, palilleiras, tecelás de liño e Aspadex

Inauguración exposición prata e vidro de murano

Unha xoia, unha flor de Esther Ferreiro

inauguración: 28 de marzo ás 12h

Visitas Teatralizadas

2 de abril 12:30 e 17:00h
3 de abril 12:30 e 17:00h

Visitas Guiadas

28 e 29 marzo 11, 13, 16 e 18h
31 marzo / 5 abril 11 e 18:30h

Visitas Guiadas

BATÁNS E MUÍÑOS DO MOSQUETÍN
30 marzo 10:30 e 11:15h
31 marzo 12:30 e 13:15h
1, 4 e 5 abril 12:30 e 13:15h

DOLMEN DE CASA DOS MOUROS
1 abril 16:30h

DOLMEN DE PEDRA CUBERTA
30 marzo e 5 abril 16:30h

CASTRO DAS BARREIRAS
30 marzo 13h
31 marzo 16:30h


PORTO DE CEREIXO
31 marzo 18:30h
4 abril 16:30h

INSCRICIÓN



CASTELO ESTÁ CERRADO OS LUNS
INFORMACIÓN: www.vimianzo.gal/fortame
TELÉFONO 981 71 63 54
VISITABILIDADE: ATA COMPLETAR APODO
Y GUÍAS: 20 PERSONAS VISITA
INSCRICIÓN: <https://forms.gle/duwqmy25h3uqk4m>
PREZO: GRATIS





Vive a Semana Santa

concello de **TRAZO**

Semana Santa

Procesións e rutas guiadas en Muros



González, no centro, durante a presentación da Semana Santa muradá.

Redacción

O Concello de Muros deu comezo onte aos seus actos de Semana Santa. «É unha das citas máis importantes do noso calendario», destacou a edil de Turismo, Caridad González, na presentación da Semana Santa muradá.

A programación inclúe celebracións litúrxicas e procesións que percorren as rúas e prazas da vila, convertendo Muros nun escenario de gran valor patrimonial e simbólico durante estas datas marcadas pola participación veciñal. Entre os actos máis des-

tacados figuran a procesión do Domingo de Ramos, a celebración do Xoves Santo coa procesión da Santa Cea, así como os actos centrais do Venres Santo, co Sermón do Encontro, o Desencravo e a procesión do Santo Entero. A programación culminará o Domingo de Resurrección, coa tradicional Palomía e a misa solemne. Ademais, a Concellería de Turismo completa a oferta cun programa de visitas guiadas. A primeira, denominada *Cova da Bruxa*, sairá do Cemiterio das Mimosas o 31 de marzo. A outra, a ruta *As prazas de Muros, escenario da Semana Santa Muradá*, está fixada para o 1 de abril. ■

Fisterra venera o Santo Cristo da Barba Dourada

Celebraranse procesións esta tarde, o Domingo de Ramos, o Xoves Santo e o Venres Santo ● Sábado 4 e domingo 5 haberá verbena

Redacción

Fisterra está engalanada para renderlle culto ao Santo Cristo da Barba Dourada, patrón ao que lle dedican varios días de festividade que coinciden coa celebración da Semana Santa, declarada de Interese Turístico Nacional.

Hoxe levarase a cabo a saída ao Santísimo Cristo de Fisterra. Os asistentes partirán ás 16.00 horas desde a parada de autobuses e ás 16.30 desde a igrexa de San Xoán de Sardiñeiro. Unha vez no templo de Santa María das Areas, entregaranlle as súas ofrendas ao patrón.

O Domingo de Ramos comezará coa bendición dos ramos e das palmas na Praza da Constitución. Deseguido, celebrarase a procesión da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén ata a igrexa de Santa María das Areas. O Xoves Santo, ás 20.00 horas, te-



Asistencia multitudinaria a unha das procesións da Semana Santa de Fisterra.

rá lugar a escenificación da Última Cea e o lavatorio de pés. Posteriormente, a veciñanza acompañará a procesión do Paso da Oración no Horto. O Venres Santo comezará coa saída do Nazareno e continuará co Vía Crucis, seguido do Santo Encontro. Pola tarde terá lugar o desencravamento de Xesús e a procesión do Santo Entero.

Por outra banda, o sábado 4 Fisterra gozará das actuacións da orquestra Capitol, o grupo América S.L. e Disco Fabrik. O domingo aterrarán na vila Miamar, Panorama City e de novo Disco Fabrik. Para rematar a festa, o luns pola tarde haberá festival infantil e pechará a noite por todo o alto o grupo La Bamba. ■

VISITAS GUIADAS Semana Santa

Concellería de Turismo 2026

MARZO
31
martes

20:30 Cemiterio das Mimosas en Serres
Visita guiada a "Cova da bruxa"

ABRIL
01
mércores

20:00 Curro da Praza
Visita "As prazas de Muros, escenario da Semana Santa Muradá"

Prazas limitadas
Información e inscrición:
Turismo | 981 826 050 ext. 2

FISTERRA Semana Santa

Declarada de Interese Turístico
Marzo-abril 2026

**A Fin do Camiño está en Fisterra
Peregrina ao Santuario do Santo Cristo**

Semana Santa

Outes, onde a primavera sabe a monte e salitre

O Concello publicou un calendario de sete rutas culturais para dar a coñecer o seu patrimonio esta primavera a través do sendeirismo

Iago Rodríguez

Se non se decide á hora de escoller un destino vacacional porque ten dúbidas entre facer unha escapada rural ou gozar da costa, o concello de Outes é o lugar que necesita visitar. O municipio conta con varias praias de oleaxe tranquila, ríos hipnotizantes, sendas verdes e un patrimonio histórico que lle permite presumir dunha das cartas de presentación máis interesantes do catálogo de destinos, máis aínda nesta Semana Santa de bo tempo.

Deste modo, o Concello apostou por publicar un calendario de sete rutas culturais de primavera para dar a coñecer o seu potencial turístico e a súa contorna natural, sendo a primeira delas o 29 de marzo e a última o 7 de xuño. Nestes percorridos, os viaxeiros aprenderán a historia e os segredos de puntos históricos e fer-



A praia de Broña é o areal máis grande de Outes.

mosos do municipio, como o Centro Náutico do Freixo, o río Bendimón, a Torre dos Mouros, as fervenzas de San Paio, a igrexa de Valadares e mesmo a historia apícola vinculada ao val do Donas. Os percorridos oscilan entre os 6,5 e os 10 quilómetros de lonxitude e están catalogados como de dificultade media. É

necesaria, iso si, a inscrición previa. Por outra banda, cómpre destacar que o Concello xa completou os labores de limpeza da praia de Broña, o principal areal do municipio, que conta con 475 metros de lonxitude. A súa contorna está dotada dun espazo infantil e dunha zona verde idónea para comidas en familia. ■

CEDIDA

Dodro, un pobo que non perde a fe

Iago Rodríguez

Dodro encóntrase inmerso nunha completa programación de actos relixiosos con motivo da Semana Santa, unha época especial para a veciñanza. «É un concello no que esta época está arraigada desde tempo inmemorial», explica o cura dodrense Francisco Lampón. Os veciños botaranse estes días ás rúas das parroquias de Santa María, San Xíán de Laiño e San Xoán de Laiño para gozar en comunidade desta celebración que, como sinala o párroco, «a nosa xente sente moi súa».

Onte tivo lugar a procesión do Venres de Dolores. Pero a Semana Santa dodresa aínda ten moito que dicir. «As procesións seguirán o seu curso co Domingo de Ramos. A seguinte chegará o Xoves Santo, o día máis agardado de todos. Na mesma xornada terá lugar o Lavatorio dos Pés, no que serán protagonistas os nenos e nenas do catecismo. Por último, o Venres Santo representaremos o Santo Encontro en



Procesión na Igrexa de Santa María.

Laiño e, pola tarde, no centro de Dodro, celebrarase a procesión da Soidade», explica o párroco.

Dodro está situado ao carón do municipio de Padrón, unha vila cunha enorme popularidade e tradición arredor da Semana Santa e das festas de Pascua. Non obstante, a veciñanza dodresa mantense fiel ás súas raíces e tradicións. «Os veciños non faltan ás procesións nin ás misas por ir a Padrón, onde tamén hai moitísimo arraigamento nestas datas», constata o sacerdote. ■

CEDIDA

coñece o noso

PATRIMONIO

— rutas de primavera 2026 —

29
marzo

HISTORIA DO FREIXO E REGO DO RIAL

• Saída: Centro Náutico do Freixo

• Distancia: 10 km

26
abril

CAMIÑANDO CARA A ORIXE DO CONCELLO DE OUTES

• Saída: Eiro do Corral, Brón de Arriba

• Distancia: 8 km

24
maio

HISTORIA ÁS BEIRAS DO RÍO BENDIMÓN

• Saída: aparcamento da igrexa de Roa

• Distancia: 7 km

28
xuño

TORRE DOS MOUROS E FERVENZAS DE SAN PAIO

• Saída: igrexa de San Lourenzo

• Distancia: 6,5 km

12
abril

DE MIRÁS A CARLEO POLO CRISTO DE BANEÓ

• Saída: capela do Socorro de Mirás

• Distancia: 7,5 km

10
maio

HISTORIA APÍCOLA NO VAL DO DONAS

• Saída: capela de San Adrián

• Distancia: 7 km

07
xuño

SAN MIGUEL DE VALADARES E MONTES DE LANTAROU

• Saída: igrexa de Valadares

• Distancia: 11 km

A hora de saída de todas as actividades será ás 9:00 horas. Todas teñen dificultade media. Recomendase levar auga e collares, que lle dará o Concello de Outes.

Prazos limitados: 250 persoas por actividade, agás a da Torre dos Mouros e Fervenzas de San Paio que será de 250.

As inscricións son obrigatorias e abríranse a finais de abril e principios de maio.

Poden inscribirse directamente a cada ruta ou a través da páxina web do Concello de Outes: www.ou.es/gal

PROGRAMA DE

SENDEIRISMO

2026

Datas: 25 abril, 9/23 maio e 13 xuño

CONCELLO DE DODRO

Escanea para máis información

Semana Santa

Dumbría, berce dunha auténtica icona natural

Redacción

A Semana Santa é un deses períodos do ano que animan a sacar o maior espírito viaxeiro. E o certo é que a comarca de Fisterra garda algunhas das paraxes máis espectaculares e identitarias de Galicia, un abano no que destaca Dumbría, concello onde os visitantes poden descubrir a magnífica ferverza do Ézaro, o único salto de auga de Europa que desemboca no mar.

Cos seus 30 metros de altura, esta xoia da natureza segue a ser o gran imán turístico do concello. O lugar conta cunha pasarela que permite contemplar con detalle a ferverza e sentir como muda o son segundo sopra o vento. No alto sitúase o miradoiro, un balcón natural desde o que se entende mellor a alianza entre río, montaña e océano.

Desde este punto tamén se poden contemplar as ladeiras do Monte Pindo. Este espazo, situado entre Cee, Dumbría, Mazaricos e Camota, conta con dunas móbiles e semimóbiles e



A ferverza do Ézaro en Dumbría.

cun centro de interpretación no que se divulga información sobre as rutas da contorna, a súa historia e a flora que rodea o lugar.

Outro punto interesante é a aldea de Olveiroa, un enclave de traza medieval moi vencellado ao Camiño de Santiago cara a Fisterra e Muxía, perfecto para pasear relaxadamente. Ademais, vestixios históricos como a Ponte Olveira e o dolmen da Pedra da Arca de Regoele engaden esa sensación de viaxar no tempo e deterse en distintas épocas históricas ao mesmo tempo. ■


Arzúa, unha vila para descubrir a través das súas sendas verdes

As rutas sinalizadas da Ferverza das Hortas e das Corredoiras son as opcións favoritas para os sendeiristas desexosos de explorar a zona

Iago Rodríguez

Un dos grandes atractivos do Concello de Arzúa é a gran variedade de sendas verdes e paraxes naturais que alberga dentro do seu territorio, unha característica que o sitúa como un dos destinos favoritos da comarca para moitos galegos que se inician no sendeirismo. No seu corazón conta con rutas de todas as distancias, itinerarios BTT e treitos do Camiño de Santiago. De feito, presume de sumar máis de 100 quilómetros de vías verdes.

A súa ruta máis vistosa é a da Ferverza das Hortas, un percorrido que aglutina mil e un puntos de interese arredor do río Iso: o Torrente de Mar Roxo, con boas vistas de Arzúa; o encoro de Portodemouros; o museo apícola O Enredo do Abelleiro, e, como parada final, a propia ferverza. A caída de auga, duns 30 metros, marca o límite entre



Un treito da ruta da Ferverza das Hortas, a máis popular de Arzúa.

Arzúa e Touro e ofrece un escenario de bosque, pedra e antigos muiños no que paga a pena deter o paso, moi aprezado polos amantes da fotografía.

Outra opción interesante é o sendeiro das Corredoiras, unha ruta que recupera a rede de antigas sendas que anos atrás empregaban os veciños e veciñas de Arzúa. O Concello apostou por este itinerario coa limpeza de preto

de 3.600 metros de maleza. As persoas que completen este percorrido poderán contemplar carballos centenarios, a capela de Santa Marta, a fonte de San Xoán de Navas ou a ponte que salva as augas do rego Carracedo.

O Concello prevé impulsar de novo este xuño o programa Arzúa Camiña, coa publicación de rutas guiadas por recunchos do municipio sen sinalizar. ■

Bibliotecas de Dumbría

ABRIL DE LIBROS

Programación para Semana Santa nas 5 bibliotecas do Concello de Dumbría

Semana Santa

Actividades de animación á lectura, con distintos obradoiros:

- Obradoiros de manualidades de madeira para Pascua (Muxiarte)**
 - Luns 30: 11:00 h Buxantes 17:00 h O Conco
 - Martes 31: 11:00 h Berdeogas
 - Mércores 1: 11:00 h O Ézaro
 - Luns 6: 11:00 h Olveira
- Obradoiros de encadernación**
 - Luns 30: 11:00 h Olveira
 - Luns 6: 17:00 h O Conco

Bibliotecarias/os por un día

Aprende a moverte pola túa biblio.

Martes 31: 11:00 h Olveira

Mércores 1: 17:00 h O Conco

Manualidades de primavera

Martes 31: 17:00 h O Conco

Mércores 1: 11:00 h Olveira

Horarios de apertura:

Luns 30 de marzo: 10 a 14 h: Olveira e Buxantes 16:30 a 19:30 h: O Conco

Martes 31 de marzo: 10 a 14 h: Olveira e Berdeogas 16:30 a 19:30 h: O Conco

Luns 1 de abril: 10 a 14 h: Olveira e O Ézaro 16:30 a 19:30 h: O Conco

Luns 6 de abril: 10 a 14 h: Olveira 16:30 a 19:30 h: O Conco



Concello de Dumbría

Arzúa camiña

Descubre a beleza de Arzúa coas nosas andaiñas galegas

Arzúa

#DestinoVerde

7 Rutas
Variedade para todos os niveis

1 Guía
Experto local en cada camiñada

4 Meses
De maio a outubro

Equipamento e preparación

ALZADO E ROUPA
(botas de trekking impermeables, chaqueta cortaventos, roupa transpirable)

ALIMENTACIÓN
(botella de auga, frutos secos e barras energéticas, bocadillo)

ACCESORIOS
(bastóns de trekking, sombrero ou gorra, protector solar e repelente)

Inscrición presencial na Oficina de Turismo en horario de 10 h a 14 h e de 15 h a 18:30 h, de luns a venres; por teléfono: no 981 508 056 ou a través de info@turismoarzua.gal

1 Sendeiro das Corredoiras
Sábado 14 de xuño
Saída: Praza de Galicia (Arzúa)
Distancia: 15 km · Dificultade: Media

2 Fonte Santa
Sábado 28 de xuño
Saída: Capela de Fonte Santa
Distancia: 12,3 km · Dificultade: Media

3 Ermiña da Mota
Sábado 30 de agosto
Saída: Capela da Mota
Distancia: 11 km · Dificultade: Baixa

4 Val do Iso
Sábado 13 de setembro
Saída: Praza de Galicia (Arzúa)
Distancia: 12 km · Dificultade: Baixa

5 Ferverza das Hortas (Goza do Ulla)
Sábado 27 de setembro
Saída: Capela de Fonte Santa
Distancia: 17,5 km · Dificultade: Media

6 Camiño Francés: Boente - A Calzada
Sábado 11 de outubro
Saída: Boente
Distancia: 14 km · Dificultade: Media

7 Embalse de Portodemouros
Sábado 25 de outubro
Saída: Embalse de Portodemouros
Distancia: 12,5 km · Dificultade: Media



Semana Santa

Procesións relixiosas e ‘santas’ tapas na Estrada

Haberá saídas o Domingo de Ramos e o Xoves e Venres Santo ● Os locais hostaleiros volverán ofrecer unha saborosa ruta de petiscos



Unha das ‘Santas Tapas’ presentadas na edición do ano pasado.

Redacción

A Estrada quenta motores para unha Semana Santa que volverá combinar tradición relixiosa e dinamización hostaleira. A Confraría da Santa Cruz xa abriu o programa coa misa de confrades e o recoñecemento a novos membros e confrades de honra, nun arranque que serve tamén para reforzar o papel desta entidade á fronte dos actos litúrxicos e procesionais.

De cara aos próximos días, a celebración manterá algunhas das súas citas máis simbólicas, coa bendición e procesión de Ramos, a saída do Cristo Atado á Columna o Xoves Santo e a procesión do Santo Enterro o Venres Santo. A isto súmase o traballo previo de montaxe das carrozas e de acon-

dicionamento do percorrido, que contribúe a darlle visibilidade a unha celebración que a confraría aspira a seguir consolidando no calendario local.

En paralelo, o Concello e os hostaleiros ultiman unha nova edición do certame Santas Tapas, que se celebrará do 1 ao 5 de abril cunha previsión inicial de 21 establecementos participantes repartidos en catro rutas. A principal novidade será o formato combo, con tapa e bebida por 3,5 euros en venda anticipada, mentres que a tapa manterase en 3 euros.

A iniciativa busca atraer público local e fórraneo e reforzar o ambiente de rúa durante os días centrais da Semana Santa. O Concello financiará parte dos 3.500 combos para favorecer a participación cidadá. ■

Rois, a calma da paisaxe e a forza da tradición

Un destino que combina un rico patrimonio, rutas xacobeas, actividades ao aire libre e gastronomía con identidade propia



Grupo de camiñantes pola ruta Rosalía nos Camiños.

Redacción

Rois preséntase como un destino perfecto para quen procura natureza, patrimonio e experiencias ao aire libre nunha contorna tranquila do interior de Galicia. O seu territorio, verde e coidado, convida a ser percorrido sen prásas, mais tamén ofrece múltiples opcións para desfrutar activamente a través do sendeirismo, o ciclismo ou as diferentes probas deportivas que atopan aquí un escenario privilexiado todo o ano.

O municipio está atravesado por dúas rutas oficiais do Camiño de Santiago: o Camiño Portugués e o Camiño pola Ría de Muros-Noia, que permiten descubrir espazos de gran valor histórico e arqueolóxico. Destaca o Castro Lupario, ligado á tradición xacobeá da raíña Lupa, así co-

mo a aldea tradicional de Angueira de Castro ou o Pazo do Faramello, xunto a numerosos exemplos de arquitectura popular que salpican todo o territorio.

A conexión entre natureza e cultura reflíctese tamén na rede de rutas sinalizadas do concello. A ruta Rosalía nos Camiños, compartida con Padrón e Dodro, percorre 15 quilómetros á beira dos ríos Sar e Rois con espazos vinculados á vida de Rosalía de Castro, como a praia fluvial de Seira. A oferta complétase coa Ruta das Penicias e a Ruta do Castro Lupario, itinerarios que permiten descubrir pazos, fontes, hórreos e áreas recreativas perfectamente integradas na paisaxe. A experiencia complétase cunha gastronomía que fala de territorio e de tradición, con produtos tan singulares como a lamprea ou o porco celta. ■

A Estrada, destino con sabor
A Estrada é camiño

@turismoaestrada

@turismo.daestrada

www.turismo.aestrada.gal

ROIS NO CAMIÑO

Semana Santa

Padrón vive a súa devoción pola Pascua a pé de rúa

Iago Rodríguez

Padrón, territorio xacobeo por excelencia, ten unha fonda tradición relixiosa que se integra na súa historia ao longo dos séculos e que segue latente na fe da súa veciñanza, que enche as rúas da vila desde o pregón que lle dá co- mezo á Pascua.

Onte, Venres de Dores, cele- brouse a primeira das procesións, a da Virxe das Dores, na que os fieis acompañaron en silencio a súa ima- xe nun percorrido marcado polo res- pecto e a emoción.

Hoxe sábado organizárase a entre- ga das Medallas de Honra da Confraría do Santo Entero a Josefa Silva Pérez, Manuela Paz Lamas e Maruxa Quin- táns Mene, para, a continuación, ofi- ciarse a Santa Misa anual polos mem- bros e colaboradores, vivos e defuntos, da Confraría do Santo Entero. Unha ci- ta para lembrar o impagable traballo desenvolvido por estes veciños para manter viva a tradición padronesa.

Os actos continuarán o Domingo



Confrades suxeitando a imaxe de Xesús durante unha procesión en Padrón.

de Ramos, coa bendición das palmas e dos ramos de oliveira na igrexa parro- quial. Ao remate, sairá a tradicional pro- cesión de Ramos coa imaxe da entra- da de Xesús en Xerusalén, seguindo o percorrido habitual. Unha vez recollido o cortexo, celebrarase a Santa Misa do Domingo de Ramos na Paixón do Se- ñor. Pola tarde sairá a procesión do Ecce Homo.

O Xoves Santo terá lugar ás 20.30 horas a procesión do Encontro e, tras a súa recollida, celebrarase a

procesión da Santa Cruz do Calvario.

O Venres Santo terá lugar pola ma- ñá o rezo do Vía Crucis na igrexa pa- rroquial e, pola tarde, farase a repre- sentación do Desencravo de Xesús da Cruz. Ao rematar, cara ás 20.00 horas, sairá a procesión do Santo En- terro. Xa ás 21.00 horas partirá a pro- cesión da Soidade.

Os actos rematarán o Sábado Santo, 4 de abril, coa celebración da Solemne Vixilia da Resurrección do Señor. ■

Carballedo, a xoia natural que agocha a Ribeira Sacra

Redacción

Nestas datas tan agardadas para go- zar dun respiro vacacional, moitas per- soas desexan retirarse a un destino no que a beleza da natureza e a tranqui- lidade sexan as protagonistas. Neste senso, o municipio de Carballedo pre- sentase como un lugar idóneo, ao ser unha das partes menos coñecidas da espectacular Ribeira Sacra e onde as augas do río Miño marcan o ritmo das diferentes actividades sociais, econó- micas e turísticas.

Unha das súas paraxes máis desta- cadas é a fervenza do Fondós, un es- cenario no que o xigantesco penedo de Graullo ou Garabullo, de 444 metros, acapara as miradas xunto co curso de auga que descende desde unha altura de 250 metros ata caer no río Miño, for- mando un salto de auga hipnótico.

A unha hora de Santiago de Com- postela, miradoiros como os de Grixoa, Erbedeiro ou Pena Cabezuda son pa- rada obrigada, pois tamén conectan con rutas de sendeirismo que compa- ten espazo con construcións románi-



Igrexa de San Xoán da Cova.

cas, como San Xoán da Cova, Santa Baia de Búbal ou Chouzán, entre ou- tras. Cabe destacar que nas súas ribei- ras se forma o único bosque mediterrá- neo da comarca de Chantada, xa que está composto por sobreiras e aciñei- ras en abundancia.

Ademais, Carballedo preséntase como un destino moi interesante para as persoas afeccionadas ao enoturis- mo, pois permite degustar diferentes vi- ños da Denominación de Orixe Ribeira Sacra a través de visitas guiadas a ade- gas, catas comentadas ou fermosos paseos entre viñedos. No caso particu- lar deste enclave, tamén é popular co- mo punto de interese para coñecer as ribeiras do Miño. ■

Do 27 DE MARZO ATA O 12 DE ABRIL

PASCUA DE PADRON 2026



4 DE ABRIL. SÁBADO DE PASCUA

21.00h **Pregón de Terio Carrera.** Presenta Sara Seco Rial. Praza de Macías.
22.00h Verbena > **Olympus.** Fondo de Vila.
23.30h Verbena > **Unión y Fuerza.** Paseo do Espolón.
01.15h Verbena > **Olympus.** Fondo de Vila.
02.45h Verbena > **Unión y Fuerza.** Paseo do Espolón.

5 DE ABRIL. DOMINGO DE PASCUA

13.30h **Banda de Música de Padrón.** Praza de Macías.
14.20h **Charanga Mekanika Rolling Band** polas rúas.
21.00h Concerto > **9Louro.** Praza de Macías.
22.00h Verbena > **Panorama.** Fondo de Vila.
01.00h Dj > **Matrek Show.** Paseo do Espolón.

6 DE ABRIL. LUNS DE PASCUA

13.30h **Banda Municipal de Santiago.** Praza de Macías.
21.00h Verbena > **Los Satélites.** Recinto ao lado da gardería.
00.00h Verbena > **París de Noia.** Fondo de Vila.

7 DE ABRIL. MARTES DE PASCUA

20.15h **Banda Municipal de Rianxo.** Praza de Macías.
21.00h Verbena > **Charleston.** Recinto ao lado da gardería.
00.00h Verbena > **Panorama City.** Fondo de Vila.

10 DE ABRIL. VENRES DE PASCUILLA

13.00h Sesión vermú > **Grupo Master.** Paseo do Espolón.
22.00h Verbena > **Marbella.** Fondo de Vila.
23.30h Verbena > **Nueva Línea.** Paseo do Espolón.
01.00h Verbena > **Marbella.** Fondo de Vila.
02.30h Open Air > **Dumore e DJ Places.** Paseo do Espolón.

11 DE ABRIL. SÁBADO DE PASCUILLA

12.45h Sesión vermú **UF75.** Praza de Macías.
20.30h Verbena > **Atenas.** Recinto ao lado da gardería.
22.30h Verbena > **La Fórmula.** Fondo de Vila.
00.15h Verbena > **La Fórmula.** Fondo de Vila
01.30h Open Air > **Remember 90's-2000's.**
03.00h Open Air > **Jorge Álvarez.**

12 DE ABRIL. DOMINGO DE PASCUILLA

18.00h **XV Festival de Bandas Capital do Sar.** Praza de Macías.
20.00h Verbena > **Capitol.** Fondo de Vila.
23.00h Verbena > **Assia.** Recinto ao lado da gardería.



Concello de Carballedo



Semana Santa

Autocaravanismo, un turismo en expansión que gaña espazo na Coruña

A Deputación provincial financiou ao 80%, con 55.000 euros, a nova área de autocaravanas de Bertamiráns, no Concello de Ames ● Regueira subliña a importancia de «dotar dos servizos necesarios» esta forma de viaxar

Redacción

A Deputación da Coruña reforza a súa aposta por un modelo turístico en expansión, vencellado á mobilidade, á sostibilidade e ao contacto coa contorna, coa posta en marcha de novas infraestruturas na provincia. Unha das últimas actuacións do Goberno provincial neste senso foi a creación da nova área de autocaravanas de Bertamiráns, no concello de Ames.

Este parque situado na avenida José Luis Azcárraga, no lugar das Pateiras e a escasos metros do Pazo da Peregrina, contou cun investimento total de 68.400 euros, dos que a Deputación da Coruña financiou o 80 %, cunha achega próxima aos 55.000 euros. O Concello de Ames completou o financiamento desta actuación, que supón un novo paso na dotación de servizos específicos para un sector en crecemento.

A infraestrutura, inaugurada a mediados de marzo, consolida o apoio institucional a un tipo de viaxe cada vez máis presente na provincia, favorecido polas condicións do territorio para gozar de experiencias tranquilas, culturais e respectuosas coa paisaxe,



Pola dereita, Xosé Regueira, María del Mar García, Blas García e Cesáreo González, con ediles da corporación e autocaravanistas na inauguración da nova área de autocaravanas de Bertamiráns.

especialmente co bo tempo.

Durante o acto inaugural, que reuniu arredor de 100 autocaravanas e máis de 200 autocaravanistas nunha concentración organizada pola Asociación Galega de Autocaravanas (AGA), o vicepresidente da Deputación e responsable de Turismo, Xosé Regueira,

puxo o foco na necesidade de acompañar desde as administracións públicas a evolución deste tipo de turismo. «As autocaravanas non son un problema; ao contrario, as administracións públicas temos un déficit con este colectivo e debemos dotar este tipo de turismo dos servizos necesarios»,

afirmou. Regueira incidiu ademais en que se trata dun turismo «tranquilo, cultural e respectuoso coa paisaxe».

O responsable provincial subliñou tamén o alcance territorial da nova infraestrutura, máis alá do propio municipio. «Non é só unha boa noticia para Bertamiráns e pa-

ra Ames; é unha boa noticia para a provincia da Coruña», sinalou, destacando o papel do autocaravanismo como oportunidade para dinamizar a economía local e distribuír os fluxos turísticos por diferentes puntos do territorio.

A nova área de Bertamiráns nace precisamente para dar resposta a esa demanda de servizos. O recinto conta con dezaseis prazas de estacionamento, unha delas adaptada para persoas con mobilidade reducida, e está equipado con instalacións para a recollida de augas fecais, subministración de auga potable, enchido de depósitos, baleirado de augas grises e negras e iluminación pública. Trátase dunha dotación pensada para facilitar a estadia dos usuarios e mellorar a convivencia deste turismo con outros formatos de visita.

Desde o Concello de Ames, o alcalde Blas García reivindicou o valor deste turismo itinerante como ferramenta para descubrir o territorio. «Cremos que hoxe en día as autocaravanas son unha maneira moi bonita e positiva de saír, viaxar e coñecer lugares», destacou, en liña coa estratexia municipal de atraer visitantes e dar a coñecer Ames.■

CEDIDA

Avda. Anllóns - 15110 Ponteceso - A Coruña T. 981 714 038 Forniñóns DESDE 1993 PAN ARTESANAL DE TODO CORAZÓN Especialidad en empanada gallega	Playa de Laxe Hotel www.playadelaxe.com	
Villa de Oro RESTAURANTE Especialistas en platos de pescado y mariscos www.restaurantevilladeoro.es Oreal, S. 15123 Camariñas (A Coruña) 981 736 384	XEMACEL ASESORÍA FISCAL LABORAL Y CONTABLE SANTIAGO DE COMPOSTELA Polígono industrial del Tambre • T. 981 552 500 CEE (A Coruña) Rellena de la Seca, s/n (Edificio Río) - 1º C • T. 981 706 030 CAMARIÑAS (A Coruña) Rúa Constitución, 20-1º Dcha. • T. 981 705 406	(FC) Ferrín - Costa Autocares Ferrín - Costa, s.l. Lg. de Caxadas, nº 21 VIMIANZO (A Coruña) T. 616 664 942

Semana Santa

Noia impulsa o turismo a través dunha Semana Santa para todos os públicos

O alcalde, Fran Pérez, salienta que a programación busca que os visitantes «poidan gozar da contorna marítima, a natureza e o patrimonio cultural e histórico» que distinguen a vila costeira a través de visitas guiadas e actividades

Redacción


O Concello de Noia presenta por primeira vez unha programación de Semana Santa cun enfoque claro na promoción turística, apostando por unha oferta variada que combina lecer, cultura, natureza e tradición.

O alcalde de Noia, Fran Pérez, puxo en valor o traballo realizado e destacou o potencial do destino: «Queremos que Noia se consolide como un destino con múltiples opcións para todos os públicos, onde se poida gozar da nosa contorna marítima, da natureza e dun patrimonio cultural e histórico de primeiro nivel. Esta programación, con propostas como as andainas, as visitas guiadas ou as actividades no mar, vai nesa liña».

A programación inclúe actividades como as andainas pola fervenza de Argalo e o rego das Cunchas, as visitas guiadas polo casco histórico, a experiencia Noia Plató Natural ou as saídas no balandro Joaquín Vieta, ademais da apertura da oficina de turismo no Casino.

No ámbito cultural e familiar, complétese con espectáculos como *La última frecuencia* no Coliseo Noela e propostas de animación infantil, ampliando as alternativas de ocio durante estes días.

Xunto con isto, a Semana Santa



A ruta da Fervenza de Argalo é unha das opcións preferidas dos sendeiristas.

de Noia mantén o seu marcado carácter tradicional, cunha ampla programación de actos relixiosos e procesións, que constitúen un importante reclamo para o turismo relixioso, permitindo vivir unha experiencia auténtica ligada á identidade da vila.

Pola súa parte, o tenente de alcalde, Manolo Seijas, incidiu no impac-

TURISMO CULTURAL

O Museo do Mar ampliará os seus horarios durante esta fin de semana



A vila encherase de visitantes para contemplar as tradicionais procesións.

to económico e na importancia dunha oferta completa: «Este tipo de programacións son clave para o impacto económico local. É importante ofrecer actividades variadas, desde a cultura ata a natureza ou o lecer, para que quen nos visite teña unha experiencia completa e queira volver».

Ademais, o Museo do Mar Car-


men Barcia ampliará os seus horarios durante esta semana, facilitando o acceso a este espazo clave para coñecer a relación de Noia co mar. Desde o Concello destacan que esta iniciativa reforza a súa estratexia de dinamización turística, consolidando Noia como un destino atractivo tamén fóra da tempada estival.■



COMPROMISO
con **A COSTA DA MORTE**



A paisaxe que sabe



Cabo Ortegal
CARIÑO

Santo André de Teixido
CEDEIRA

Torre de Hércules
A CORUÑA

Cabo do Roncudo
PONTECESO

Espazo Natural Razo- Baldaio
CARBALLO

Vila de Laxe
LAXE

Cabo Vilán e Cemiterio dos ingleses
CAMARIÑAS

Dunas de Corrubedo
CORRUBEDO

Praia de Coroso
RIBEIRA

PERCEBE
turismodacoruna.gal